

**Bases do IX Torneo Concello de Malpica – VIII Memorial Ángel Rubio – Torneo valedreiro para o X Circuito Intercomarcal da Coruña 2026**

**Data:** sábado 27 de xuño de 2026.

**Local de xogo:** Pabellón Municipal, Rúa Ventorrillo s/n, detrás del CEIP Milladoiro.

**Sistema de xogo:** suízo a 7-8 roldas dependendo do número de xogadores

**Ritmo de xogo:** 10´ minutos + 3” segundos de incremento por xogada

**Horario de xogo:** presentación 15:45, 1ª rolda 16:00, clausura sobre 20:30

**Emparellamentos:** realizaránse mediante programa informático, non se admitirán reclamacións salvo erros na introducción de resultados antes da seguinte rolda.

**Participantes:** O torneo será válido para ELO FIDE de xadrez rápido, hay que estar federado, a organización pode federar e resérvase o dereito de admisión.

**Inscripcións:** a través do enlace de Cluber

<https://app.cluber.es/legacy/clubes/684a95adec12b783785119/pagos/6a1be41eaf74f838158256>, prezos: xeral 12€, sub-16 10€, locais 5€, tamén ingresando na conta de Caixabank **ES15 2100 5097 2002 0012 6301** indicando nome e apelidos, club e inscrición torneo, ata o venres 26 de xuño, mais info en [torneos@galichess.com](mailto:torneos@galichess.com) ou no 617234393.

**Desempates:** 1º Encontro Directo (DE), 2ª Bucholz corte -1\* (BH-C1), 3ª Bucholz Total\* (BH), 4º Media de Elo dos rivais -1\*\* (ARO-C1).

\* Nas partidas non disputadas aplicarase a modalidade Bakú 2023 da FIDE tanto para o cálculo dos rivais coma do propio xogador. \*\* Para os xogadores sen Elo considerarase un Elo de 1400.

**Tempo de espera:** hasta a caída da bandeira. Un xogador que non compareza a partida sin causa xustificada será eliminado do torneo.

**Premios** (en euros): total 800€. (Pagaranse por transferencia bancaria)

<b>Xeral:</b>	<b>Especiais:</b>	<b>Locais:</b>
1º 130€ + trofeo	1º sub-2000:15€	1º 20€ + trofeo
2º 110€ + trofeo	1º sub-1700:15€	2º 15€ + trofeo
3º 90€ + trofeo	1º Veterano(+55):15€	3º 10€ + trofeo
4º 80€	1ª feminina:15€	
5º 70€	1º sub-18: 15€	
6º 60€	1º sub-16: trofeo	
7º 50€	1º sub-14: trofeo	
8º 40€	1º sub-12: trofeo	
9º 30€	1º sub-10: trofeo	
10º 20€	1ª sub-8: trofeo	

Sorteo dun cheque regalo de Gadis ou cesta de Frutas Fondo, e dun libro entre os non premiados. E obrigatoria a presenza na clausura para recoller o premio. Os premios no son acumulables e repartiranse por rigurosa orden de

clasificación, no caso de optar a 2 levarase o de maior cuantía e se son iguais seguiráse a orde xeral.

**Regras de xogo:** Aplicarase o especificado no apéndice A5 das leis de xadrez da FIDE para xadrez rápido (partidas sen supervisión axeitada). Para o no especificado nestas bases aplicarase o regulamento da FIDE. A inscrición no torneo supón a aceptación destas bases e a autorización dos participantes para publicar os seus datos personais ou fotografías nos diversos medios de comunicación ca organización considere oportunos para difusión do evento (resultados, listados, clasificacións, partidas, fotos, etc....) A organización reservase o dereito de admisión e o dereito de rectificar ou modificar estas bases ou cancelar o torneo sin mais aviso que a súa publicación na páxina web oficial [www.galichess.com](http://www.galichess.com).